

de la lírica con un posicionamiento real de su condición en el panorama social y, si se prefiere, histórico. *As cantigas de amor transmiten a imaxe idealizada que das mulleres teñen os homes; todas foron compostas por homes e para goce dos homes. Neste ámbito, a muller, que ten a función de sobrancea-los valores da virilidade, segue instalada na dependencia* (p. 37).

Otro aspecto interesante de destacar en el conjunto de su análisis, es el seguimiento, por otra parte inevitable, del sistema selectivo que lleva a cabo M. Wade Labarge en su trabajo *La mujer en la Edad Media* (1988), por el cual Pallarés distingue para el capítulo *a proxección social das mulleres. O poder e a cultura* (p. 133) a la figura, sin duda relevante, de Doña Urraca, reina de Castilla y de León, enfrentada, tal y como nos informa la *Historia Compostelana* de la que se ha servido la autora, con el obispo de Santiago de Compostela, Diego Gelmírez. Si en el trabajo de Wade Labarge las mujeres medievales no aparecen representadas tal y como debe entenderse dentro de los parámetros de los estudios científico-históricos, Pallarés Méndez cuida este aspecto a lo largo de todo su trabajo para dotar de validez la elección por la que ha optado, ya que, lógicamente, una sola figura recogida oficialmente en las fuentes no puede representar al conjunto femenino de la sociedad en el que se integra, ni convertirlo en el paradigma de la realidad social a la que se enfrenta en el sistema de su estatus dependiente. De manera que, siguiendo la línea inicial de su investigación, es factible entresacar un elemento singular de la totalidad femenina; viabilidad que por otra parte viene dada por la frecuencia con que se recogen estos casos en las fuentes principales, tal y como es el caso de las crónicas a las que ha accedido la autora.

En definitiva, estamos ante una interesante lectura de las fuentes disponibles para las mujeres de la Galicia medieval, cuya recomposición permite valorar los esquemas diferenciadores y las pautas afines al papel de las mujeres de Occidente durante los siglos que comprenden la Edad Media. En este sentido, reconocemos que la autora ha logrado cumplir sus expectativas. *Sen perder de vista este contexto e tendo en conta o pouco que sabemos da historia das mulleres, coído que cómpre darlle a un público interesado, pero non exclusivamente especialista, o resultado das investigaciónes que neste eido se están a desenvolver. A publicación dun libro referido á vida das mulleres na Galicia medieval ten, nese marco xeral, sentido pleno* (p. 10).

MARÍA DEL MAR LÓPEZ VALERO

TARRÍO VARELA, Anxo: *Primeiras experiencias narrativas de Eduardo Blanco Amor* («Consideracións sobre os *Cuentos de la ciudad*. Recuperación de «Os nonnatos» e proposta textual de *A escadeira de Jacob*»), Galaxia, Vigo, 1993. Eduardo BLANCO AMOR, *A escadeira de Jacob* (novela de aventuras filosóficas), edición de Anxo Tarrío Varela e revisión lingüística de Blanca-Ana Roig Rechou, Galaxia, Vigo, 1993.

No que vai desde 1993, ano de Eduardo Blanco Amor, varios son os libros que se editaron deste autor ou respecto da súa obra, especialmente no eido periodístico.

Destacan as biografías polo que teñen de esclarecedoras e polémicas a un tempo; e os estudos e mailas edicións que se refiren á súa andaina como narrador.

Nesta última fasquía representa un gran paso adiante no coñecemento do autor de *A Esmorga* a análise dos seus primeiros relatos, tanto en galego como en castelán, que enceta Anxo Tarrío escollendo como eixe do seu estudo *A escadeira de Jacob*, un texto que comezou a se publicar na revista *Nós* en 1933 sen que ficara rematado nunca.

Convén aquí congratularse da existencia na Biblioteca da Diputación de Ourense dun fondo constituído polos papeis personais de Blanco Amor, onde non só Tarrío puido achar los documentos, senón tamén outros, como Luis Pérez, puideron tirar valiosos textos narrativos que, anque publicados na súa meirande parte, durmían no esquecemento.

Anxo Tarrío realiza unha apaixonante tarefa que nos lembra, se é que o temos esquecido, que a Filoloxía naceu para a reconstrucción e a exégesis dos textos. Neste senso faise, con tódolos respectos debidos, co-autor do relato *A escadeira de Jacob*, acolléndose á teoría da vida autónoma do relato, unha vez desprendida dos miolos do seu ideador. A fin de contas, danos a entender que esta novela nunca se podería ler como obra completa se ninguén casa as pezas que existen para recompoñela.

A descuberta de Tarrío non ten o cariz rocambolesco doutra recentemente producida no terreo das letras galegas: a de *Las Tinieblas de Occidente* de Vicente Risco por Manuel Outeiriño. Pero sí gardan certa semellanza ámbolos dous casos polo tipo, número e fragmentación dos documentos salvados, anacos que só alguén moi ben disposto é quen de facer artellar, e que apampan á primeira vista.

Anxo Tarrío fai un labor impecable: lóxico e comedido, mais arriscado cando o require a ocasión. Así, tras ofrecer unha disposición axeitada ós indicios atopados e mais á evolución de «materia diexética», remata a intitulación dos capítulos ordenados, seguindo o ton dos xa bautizados por Blanco Amor, e así mesmo o desenrolo da intriga. Non deixa, di nun determinado intre, de ter esta reconstrucción moito de xogo, e fainos disfrutar con el falándonos, por exemplo, do significado bíblico e cabalístico do número 12 saído dos capítulos resultantes. O xogo da recuperación vai máis alá do texto de *A escadeira de Jacob*: porque é o primeiro relato de Blanco Amor e porque o trasfondo bíblico semella ó desta novela, reproduce o conto «Nonnatos», de 1927, nunca ata o de agora reeditado na súa integridade, malia ter sido obxecto de análise na revista *Grial*. Descubre así mesmo uns poemas en prosa, «Canzós», saídos do prelo no mesmo período na Arxentina, para que se poida observar o paralelismo entre a súa lingua e a de *A escadeira*. O mellor descubrimento coméntase nada máis, xa que se atopa nas mans de Luis Pérez, recente editor dos quince *Cuentos de la ciudad*, dos que, concluirá Tarrío, *A escadeira de Jacob*, é a primeira entrega, e en idioma galego.

Do comentario intertextual dentro da produción de Blanco Amor, pasa Tarrío a situar este relato no contexto literario, tendo en conta os escenarios de Arxentina, España e Galicia, nos que se move a biografía do escritor: un panorama dominado polas vangardas —especialmente o Creacionismo— e o cambio proteico da novela. Blanco Amor bebe nesas fontes e sitúase, no que se refire ó eido da literatura galega, a carón da narrativa de Vicente Risco e as creacións poéticas de Amado Carballo e Manoel Antonio. A propósito disto, Anxo Tarrío defende a volta á pescuda biográfica para botar luz a certos aspectos da obra dun autor, que unha «hermenéutica puramente literaria», preferida nos últimos tempos, non é quen de aclarar.

O longo do seu estudo, Tarrío vai fornecendo ideas e suxerencias interesantes. Preocupado un tanto feijoonianamente por desterrar erros transmitidos sen revisión (é unha teima nos traballos de Anxo Tarrío) clarexa puntos escuros da biografía e algunhas asercións sobre Blanco Amor. Fixa o que sería, á vista da documentación existente polo de agora, o percorrido literario de Blanco Amor antes da aparición de *A esmorga* en 1959, considerada erradamente como a súa primeira obra de ficción en galego.

Hai máis ideas neste traballo: as que xurden, por exemplo, da análise dos textos dende o enfoque da súa recepción literaria. Deste xeito fáceo con *Cuentas de la ciudad*, e supónezo verbo de *A escadeira de Jacob*. Tódalas posibilidades apuntan, no caso deste último, cara ó destino desta novela curta para a colección coruñesa «Lar». Tarrío aduce que a feitura do relato se axeita ós requerimentos de dita colección, aínda que cremos nós que para entón (anos 1926-27) Leandro Carré, o director de «Lar», se achaba disposto a publicar calquera noveliña, antes de que a empresa fora a pique, e de feito, as súas mostras eran de tódolas cores. Moito máis difícil é facer hipóteses sobre a súa inconclusión en *Nós* (1933), despois dos tres capítulos primeiros: Tarrío pensa que poda deberse a causas políticas de ámbito xeral, por unha banda. E por outra, ó enfrentamento de Blanco Amor con algúns dirixentes do Partido Galeguista, durante a súa estada en España. Sobre este punto da súa biografía danos máis información que verbo do «galeguismo posibilista» que quixo Blanco Amor inculcar na emigración galega. Non explica, tan só remite a Núñez Seixas.

Como suxerencias de traballo da a de someter a produción de Blanco Amor a unha metodoloxía que analiza obras dentro dunha suposta cultura homosexual con raíz na marxinação —refírese en concreto a unha tese de Angel Sahuquillo—. Como curiosidade pode ter valor, mais como pedra de toque cremos nós que non contribuíría máis que a afianzar aínda máis guettos culturais que a algúns convén que se manteñan. Outras propostas son máis atractivas, como a de estudar dunha vez as súas grandes novelas en castelán, ou a de reeditar un libro gabado por moitos, *Chile a la vista*.

»As conclusións que se poden tirar, unha vez disposta e artellada a noveliña fundamental son as que falan non só do método e anqueira literaria de Blanco Amor desde as bambolinas dos seus manuscritos, senón tamén do xorne independente e crítico dun escritor profesional en galego e castelán da súa categoría. Tarrío deixa ver a súa enorme admiración por este escritor que viviu case sempre na emigración e se comprometeu en todo sen querer renunciar a unha rabiosa independencia. A súa personalidade aberta ó universal fai del un intelectual galego alonxado de ruindades localistas, rifadas co verdadeiro cerne da cultura. Tarrío faise eco das súas verbas, que cita na páxina 34, pensando moi seguramente —aquí falo da miña impresión— na cultura galega dos anos 90, embazada de males e malfeitores semellantes ós de antano. As mesmas tachas de entón xurden hoxe precisamente en obras que tentan xulgar a Eduardo Blanco Amor desde os máis prexuciosos e absurdos «ídola», tratándoo nada menos que como a un San Pedro rillado por unha pretendida negación. Seica os mortos poden servir de coartada para moitas posicións. Mais, ay, digo eu, dos que andan a fuchicar nos difuntos. Non sei como poden durmir sabendo, no fondo, que rematarán turrando deles polos cabelos.

En fin, é preciso rematar dicindo que o libro de Tarrío, se ben leva un título que parece abranguer coa mesma intensidade as obras primeiras de Blanco Amor, adícase sobre todo á novela curta *A escadeira de Jacob*, quedando as outras nun segundo

plano. Despois repítese o dito palabra por palabra na edición deste relato, feita á parte por Grial (e logo din que os libros son caros). Alí faise mención ó labor lingüístico de Blanca-Ana Roig, adaptadora da lingua da noveliña á normativa vixente. Tarrío prefire respectar as elección de Blanco Amor no tocante ó léxico e sinalar as equivalencias na norma actual, que se está a facer aínda, e que podería aproveitar moitas das escollas deste autor.

OLIVIA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

Discurso de ingreso en la casa de don Xesús Alonso Montero, Real Academia Gallega, 1994.

El 30 de octubre pasado, la Real Academia Gallega recibía y posteriormente publicaba el discurso de ingreso de uno de los intelectuales gallegos más destacados, especialista en algunos capítulos esenciales de la literatura gallega. Nos referimos al catedrático don Xesús Alonso Montero, miembro numerario desde 1984 donde ocupó el sillón que anteriormente perteneciera a Rafael Dieste.

El acto académico se celebró en el instituto Ramón Otero Pedrayo. Fue contestado por don Xosé Filgueira Valverde, miembro más antiguo de la Academia.

El mencionado discurso lleva por título: «Manifiestos en verso en favor da poesía civil nos primeiros tempos da posguerra na Galicia da terra e na Galicia emigrante (1939-1962)».

Título largo, como señala el propio Xesús Alonso (... o título, longo se os hai...), que recoge una parte del discurso, la más novedosa y creativa. Es el primer estudio que se hace sobre esta poema de contenido social.

El discurso esta estructurado en tres partes: la primera dedicada a la Real Academia Gallega, la segunda a la figura de Rafael Dieste y la tercera a la poesía civil gallega.

PRIMERA PARTE:

Tras el agradecimiento, se centra en el carácter polifónico que debe tener la RAG. Dentro de esa pluralidad de voces X. A. Montero representa la voz, en palabras del mismo académico, descalificada, cuando no perseguida, en el acontecer cultural de la Galicia anterior a 1977.

La base epistemológica de sus estudios lingüísticos e histórico-literarios son: Marcel Cohen, Engels, Gramsci, Sartre y Luckacs. Lo cual representa una concepción determinada de la sociedad y de la cultura, marginada en la España franquista.

Posteriormente, después de comentar el lema de la Academia («colligit, expurgat, innovat»), creado en 1905, hace mención a la prehistoria e inicios de la RAG, como fue el surgimiento en la Habana de la Academia Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega. La cual se plantea como tarea primordial el estudio y la codificación del gallego, para lo que se propuso crear un diccionario y una gramática, labor que entonces no fue posible lograr.

Termina esta primera parte estableciendo su compromiso como académico: «El